

mento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

2. Quedan sen efecto as referencias ao límite de 160 millóns de euros contidas nos artigos 1 e 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno e os distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12472 *REAL DECRETO 1596/2004, do 2 de xullo, polo que se regula a transmisión de posibilidades de pesca entre os buques pertencentes ao Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste. («BOE» 160, do 3-7-2004.)*

A Orde Ministerial do 12 de xuño de 1981, pola que se ordena a actividade pesqueira das frotas de altura e grande altura que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (NEAFC), establece a normativa de aplicación ás empresas pesqueiras titulares de buques con dereito a pescar nas devanditas augas. Para estes efectos, na dita orde figuraba como anexo I, que foi obxecto de posteriores actualizacións, a relación de buques, como censo cerrado, que na data do 23 de abril de 1980 tiñan recoñecidos tales dereitos xunto aos coeficientes de importancia das correspondentes asociacións. Así mesmo, estableceu os requisitos conforme os cales as empresas poderían acumular dereitos de pesca nos seus buques, así como os supostos en que perderían tales dereitos, co fin de respectar as limitacións de esforzo existentes para os buques de pavillón español de acordo co previsto na regulamentación comunitaria. O mencionado anexo foi obxecto de actualizacións para ter en conta as adaptacións producidas no censo, cuxa última modificación é a da Resolución da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, do 24 de setembro de 2003, pola que se dispón a publicación da actualización do Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto (TRB) que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste.

O sistema de acumulación de dereitos regulado na citada Orde do 12 de xuño de 1981 foi potenciado mediante a Orde ministerial do 12 de xuño de 1992, que estableceu a posibilidade de manter acumulados os dereitos de acceso dos buques retirados da actividade noutros buques do mesmo censo, aínda que a retirada da actividade supuxese a percepción de primas de despezamento.

A Lei 23/1997, do 15 de xullo, de ordenación do sector pesqueiro de altura e grande altura que opera dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (NEAFC), estableceu a posibilidade de que as empresas pesqueiras con buques incluídos no Censo da frota española de NEAFC puidesen allear, ceder ou transmitir, entre si, total ou parcialmente, os dereitos de acceso ás diferentes zonas de pesca, logo de autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co fin de racionalizar a actividade pesqueira da frota no seu conxunto e sempre que non derivasen prexuízos para terceiros. A xustificación de restrinxir a transmisión entre buques do mesmo censo deriva da orixinaria «frota dos 300», a cal se elaborou a partir das posibilidades de pesca recoñecidas á frota española que pescaba en augas NEAFC, no Tratado de Adhesión de España e Portugal ás Comunidades Europeas.

Finalmente, polo Real decreto 1915/1997, do 19 de decembro, desenvolveuse a citada Lei 23/1997, do 15 de xullo, establecendo os requisitos para a transmisión dos dereitos de acceso dos buques das frotas de altura e grande altura e buques palangreiros maiores de 100 TRB e recoñecendo tanto as acumulacións de dereitos de acceso que se produciran ao abeiro das citadas ordes ministeriais do 12 de xuño de 1981 e 12 de xuño de 1992, como as que se seguían realizando ao abeiro destas. Como anexo do real decreto publicouse a relación de dereitos de acceso recoñecidos a cada buque por subzona, así como os quilowatts de esforzo que correspondían a cada buque tendo en conta os niveis máximos anuais de esforzo asignados a España nas ditas subzonas polo Regulamento (CE) n.º 2027/95 do Consello, do 15 de xuño de 1995, polo que se establece un réxime de xestión do esforzo pesqueiro relativo a determinadas zonas e recursos pesqueiros comunitarios.

A finalización do período transitorio previsto no artigo 166 do Acta de Adhesión de España ás Comunidades Europeas supuxo a perda de vigor a partir do 1 de xaneiro de 2003 do citado Regulamento (CE) n.º 2027/95, por tratarse dunha norma de adaptación do período transitorio, e en particular dos niveis de esforzo asignados a España en situación discriminatoria.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 28 o concepto de posibilidade de transmisión de posibilidades de pesca entre os buques, logo da autorización do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de conformidade co procedemento e os criterios que regulamentariamente se determinen, os cales estarán dirixidos a evitar a infrautilización de posibilidades de pesca por excesiva acumulación destas nun buque e facer rendible a operatividade da frota fixando para cada buque un límite mínimo de posibilidades por debaixo do cal debe abandonar a pesqueira. Ademais, establece a necesidade de xustificar que a transmisión de posibilidades estea restrinxida a buques ou grupos de buques pertencentes a determinadas categorías ou censos.

A finalidade deste real decreto é conseguir a máxima racionalización da actividade pesqueira da frota de NEAFC, e impedir que se poidan producir operacións que non teñan como finalidade a adecuación da frota ás posibilidades reais de pesca no caladoiro, polo que se considera necesario establecer o límite mínimo de posibilidades de pesca que deberán manter os buques

cuxas posibilidades de pesca son obxecto de transmisión, e, por outra parte, evitar a acumulación nun buque de posibilidades de pesca en volumes superiores ás que poidan ser utilizadas. Así mesmo, cómpre establecer un criterio permanente de distribución das posibilidades de pesca cando estas se asignen en forma de quilowatts de esforzo.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e oído o sector pesqueiro afectado.

Este real decreto dítase en uso da facultade conferida ao Goberno pola disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2004,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a transmisión de posibilidades de pesca recoñecidas aos buques que operan nas subzonas V b), VI, VII e VIII a), b), d) e e) do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM), co fin de alcanzar o óptimo aproveitamento das posibilidades de pesca da frota española nas ditas zonas.

Artigo 2. *Transmisión de posibilidades de pesca ás pesqueiras.*

Poderanse transmitir as posibilidades de pesca recoñecidas ás pesqueiras das subzonas V b), VI, VII e VIII a), b), d) e e) do CIEM unicamente entre os buques pesqueiros que figuren no Censo da frota de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto (TRB) que operan dentro dos límites da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste (NEAFC).

Artigo 3. *Dereitos das empresas pesqueiras.*

Cada empresa pesqueira participa nas pesqueiras das subzonas do CIEM mencionadas no artigo 1 coas posibilidades de pesca equivalentes á suma das posibilidades de pesca dos buques da súa propiedade.

Artigo 4. *Transmisión de posibilidades de pesca.*

1. A transmisión de posibilidades de pesca regulada neste real decreto poderase efectuar entre buques pertencentes á mesma ou a distintas empresas armadoras, e poderá ser unha transmisión total ou parcial dunha ou varias subzonas de pesca.

2. A dita transmisión de posibilidades de pesca deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Levará consigo, conxunta e inseparablemente, a parte proporcional do coeficiente de esforzo que corresponda ás posibilidades de pesca transferidas de cada buque en cada subzona. O dito coeficiente de esforzo utilizarase para a distribución entre os buques das posibilidades de pesca, cando estas se establezan en forma de quilowatts de esforzo.

b) O buque cuxos dereitos se transmiten deberá dispor, unha vez realizada a transmisión, de polo menos un total de 0,5 posibilidades de pesca sumadas todas as subzonas. Por debaixo deste coeficiente de posibi-

lidades de pesca o buque correspondente deberá abandonar a pesqueira.

c) As posibilidades de pesca acumuladas por unha empresa ou grupos de empresas relacionadas societariamente non poderán superar o 30 por cento de cada pesqueira.

Para a determinación do concepto grupos de empresas relacionadas societariamente, haberá que averse ao disposto na lexislación mercantil aplicable.

Artigo 5. *Solicitud de autorización de transmisións de posibilidades de pesca.*

1. As solicitudes de autorización de transmisión de posibilidades de pesca dirixiranse ao director xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e presentaranse na Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As ditas solicitudes cubriranse segundo o modelo do anexo e deberán ir acompañadas do acordo dos titulares dos buques afectados, ou os seus representantes legais, relativo á transmisión, que deberá constar en documento notarial e deberá reflectir, polo menos, os seguintes datos:

a) O nome e enderezo dos titulares dos buques afectados pola transmisión.

b) O nome, matrícula e folio do buque cuxas posibilidades de pesca se transmiten e do buque receptor.

c) As posibilidades de pesca con indicación da subzona ou as subzonas das que se transmiten.

3. Non obstante o indicado nos puntos 1 e 2, o director xeral de Recursos Pesqueiros poderá conceder unha autorización provisional de transmisión de posibilidades de pesca ás solicitudes presentadas e que non vaian acompañadas de todos os requisitos mencionados no punto 2. Para que estas autorizacións provisionais adquiren carácter definitivo, o solicitante deberá presentar os requisitos previstos no punto 2 nun prazo de 10 días, prorrogable a 15 días, segundo o especificado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6. *Resolución de autorización de transmisión.*

1. O director xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima resolverá o procedemento de autorización.

2. Transcorridos tres meses desde a presentación da solicitude definitiva sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender desestimada.

3. A resolución seralles notificada aos interesados nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A resolución porá fin á vía administrativa, e poderanse interpor contra ela os recursos que resulten legalmente procedentes.

Artigo 7. *Comunicación de transmisión de posibilidades de pesca.*

1. A teor do establecido no punto 2 do artigo 28 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establécese a obriga de comunicación previa e de forma que faga fe á Secretaría Xeral de Pesca Marí-

tima da transmisión de posibilidades de pesca entre buques da mesma empresa armadora.

2. A dita comunicación farase por escrito no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, nun prazo de 15 días hábiles e acompañando documento notarial, e deberá reflectir, polo menos, os seguintes datos:

a) O nome e o enderezo do titular dos buques afectados pola transmisión.

b) O nome, matrícula e folio do buque cuxas posibilidades de pesca se transmiten e do buque receptor.

c) As posibilidades de pesca con indicación da subzona da que se transmiten.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas as normas e disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto e, expresamente, o Real decreto 1915/1997, do 19 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 23/1997, do 15 de xullo, de ordenación do sector pesqueiro de altura, grande altura que opera dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase con fundamento no disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO**Modelo de solicitude de transferencias de posibilidades de pesca**

(REAL DECRETO 1596/2004, do 2 de xullo)

- I. A) DATOS PERSOAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE QUE CEDE, E DATOS DO BUQUE DO QUE SE TRANSMITEN POSIBILIDADES DE PESCA.

NOME E APELIDOS			NIF	
DOMICILIO				
RÚA/PRAZA E NÚMERO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO E FAX
BUQUE	MATRÍCULA E FOLIO	POSIBILIDADES DE PESCA QUE TRANSMITE	ZONA/ZONAS	

- B) DATOS PERSOAIS E DOMICILIO DO SOLICITANTE RECEPTOR, E DATOS DO BUQUE QUE RECEPCIONA POSIBILIDADES DE PESCA

NOME E APELIDOS			NIF	
DOMICILIO				
RÚA/PRAZA E NÚMERO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO E FAX
BUQUE	MATRÍCULA E FOLIO	POSIBILIDADES DE PESCA QUE RECIBE	ZONA/ZONAS	

II. DOCUMENTACIÓN QUE XUNTA¹

DOCUMENTO NOTARIAL QUE RECOLLA O ACORDO DOS TITULARES DOS BUQUES AFECTADOS OU DOS SEUS REPRESENTANTES LEGAIS

III. SOLICITUDE.

Os abaixo asinantes solicitan que se autorice a transferencia de dereitos indicada no punto 1, e declaran que son certos os datos consignados neste, aceptando as condicións establecidas no Real decreto 1596/2004, do 2 de xullo, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En..... o de de 2004
 (Sinatura do que cede) (Sinatura do receptor)

DIRECTOR XERAL DE RECURSOS PESQUEIROS
 R/ José Ortega y Gasset n.º 57
 28071 Madrid

¹ Sinalar se corresponde.